

A IDADE MODERNA

Comprende dende o descubrimento de América no ano 1492 ata o inicio da Revolución Francesa no ano 1789.

ÉPOCA DE CAMBIOS

Ao inicio da Idade Media hai unha serie de cambios, os máis destacados son:

- a) Desaparecen as epidemias da peste, polo que melloran as colleitas e a poboación volve a medrar.
- b) As cidades volveron a ser moi activas tanto cultural como comercialmente.
- c) A burguesía convértese no motor da sociedade. Os artesáns e comerciantes controlan o comercio.
- d) Aparecen as monarquías absolutistas, é dicir, unha forma de goberno onde o rei tiña o máximo poder: facía as leis e controlaba aos xuíces. Ademais tiña o máximo poder do exército.
- e) Descubríronse novos territorios descoñecidos en Europa, e polo tanto abríronse novas rutas comerciais.
- f) Esas grandes viaxes levaron a descubrir novos avances científicos e técnicos. Tamén comezaron a estudar os fenómenos naturais. Entre os grandes personaxes hai que destacar:
 - Galileo Galilei, perfeccionou o telescopio, observou o movemento dos astros e comprobou que a Terra xiraba ao redor do Sol.
 - Miguel Servet, fixo grandes descubrimentos sobre a circulación do sangue.

- Johannes Gutenberg, inventou a imprenta. A partir de ese invento foi posible imprimir moitos libros ata ese momento escritos á man. A cultura foi máis accesible a todos.

A SOCIEDADE E A ECONOMÍA NA IDADE MODERNA

A sociedade dividíase en **2 estamentos**:

- a) **Estamentos privilexiados**: Eran os nobres e o alto clero, baixo o mando do Rei. Non pagaban impostos.
- b) **Estamentos non privilexiados**: eran a burguesía, o baixo clero, os artesáns e os campesiños. Pagaban impostos e traballaban a terra pagando.

A agricultura e a gandería eran moi importantes. O aumento das colleitas fixeron que aumentara o gando e polo tanto máis riqueza en carnes e peles.

O comercio e a fabricación de novos produtos que vendían os artesáns foron en aumento. Esta venda de produtos foi a máis grazas ás novas rutas comerciais.

Do mesmo xeito, desas novas rutas traían para Europas novos produtos e alimentos (patacas, millo...)

OS DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS

Os grandes descubrimentos de novos lugares deu pé a que os países quixeran conquistar máis terreos. Así os reinos máis interesados en medrar eran o Reino de Castela e o de Portugal, e máis tarde o Reino de Inglaterra, Francia e Holanda.

Algúns dos navegantes máis importantes foron:

- **Cristóbal Colon:** foi o primeiro en chegar ao continente americano, por encarga dos Reis Católicos.
- **Vasco de Gama:** chegou á India dende Lisboa bordeando a costa africana.
- **Fernando de Magallanes:** bordeou o continente americano e chegou a Asía. Morreu na viaxe pero continuou a expedición Xoán Sebastián Elcano, que completou a volta ao mundo.

ESPAÑA NA IDADE MODERNA

No ano 1492 os Reis Católicos conseguiron expulsar da Península Ibérica aos musulmáns.

Ao longo da Idade Moderna, en España reinaron dúas dinastías: a dos Habsburgo (tamén chamado os Austrias) e os Borbóns.

Durante o S. XVI o reino de España chegou a ser un dos máis importantes, chegando a formar un gran imperio coas terras do continente Americano.

A CULTURA NA IDADE MODERNA

Durante a Idade Moderna dominaron dúas correntes de pensamentos:

- a) **O Humanismo:** nace no S. XV en Italia. A súa idea central era o ser humano como o centro do Universo.
- b) **A Ilustración:** nace no S. XVIII en Francia. A súa idea era que o pensamento humano era o importante para a sociedade. Propoñía a igualdade das persoas ante a lei.

A ARTE NA IDADE MODERNA

Hai 3 grandes estilos artísticos:

a) O RENACEMENTO:

- S. XV e S. XVI. Nace en Florencia (Italia) e chegou a toda Europa.
- Usa liñas rectas e formas simétricas.
- Usa elementos clásicos como as columnas clásicas.
- A escultura e pintura mostras obras de gran realismo.
- Artistas: Miguel Anxo, Leonardo Davinci, O Greco...



Catedral de Jaen Renacentista



Obras de Miguel Anxo

b) O BARROCO:

- S. XVII e S. XVIII. Nace en Roma (Italia) e chega a toda Europa.
- Usa liñas curvas e contrastes de luces e sombras.
- Búscase a decoración moi recargada.
- Artistas: Bernini, Rubens, Diego Velázquez...



Catedral Barroca de Granada



Las Meninas de Velázquez

c) O NEOCLASICISMO:

- S. XVIII e S. XIX. Nace en Francia e chegou a toda Europa.
- Volve a liñas rectas e formas sinxelas.
- Inspíranse na arte clásica de Grecia e Roma.
- Artistas: Canova, David e Ingres, Goya...



Catedral Neoclásica de Pamplona



Puerta de Alcalá de Madrid. Construcción Neoclásica.



Fusilamientos de 2 de mayo. Pintura de Goya.